

CURSO 2020/2021



PLAN DE IGUALDADE



IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO

Índice.

1.	INTRODUCCIÓN.....	2
2.	CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.....	4
2.1.	Contextualización normativa en materia de igualdade na educación.....	4
2.2.	Contextualización da elaboración do Plan de Igualdade no centro.....	6
3.	ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, A VIOLENCIA DE XÉNERO E A LGBTIFOBIA.	8
3.1.	Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión.....	8
3.2.	Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos.....	8
3.3.	Nivel de titulación e resultados académicos obtidos.....	9
3.4.	Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.....	9
3.5.	Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.....	9
3.6.	Rexistro de condutas contrarias á convivencia.....	10
4.	OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN.	11
4.1.	Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.....	11
4.2.	Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	11
4.3.	Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.	12
4.4.	Prevenición, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.....	12
5.	MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN POR ÁMBITOS.	12
5.1.	Organización do centro.....	12
5.2.	Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes. .	13
5.3.	Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.....	14
5.4.	Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.	15
6.	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.	15
	ANEXO 1. TÁBOAS E GRÁFICOS DE ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, A VIOLENCIA DE XÉNERO E A LGBTIFOBIA.....	17
	ANEXO 2. TÁBOA DE DIAGNOSE.	0
	ANEXO 3. TÁBOA: GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS MARCADOS NO PLAN.	2

1. INTRODUCCIÓN.

O IES de Ribadeo Dionisio Gamallo é un centro comprometido coa igualdade de xénero sendo un principio traballado desde os distintos Departamentos Didácticos nas diversas materias.

Desde o curso 2015-16 o centro vén apostando de forma decidida pola coeducación, momento en que se creou o Comité Lila, un colectivo formado por alumnado e profesorado do instituto e que chegou a contar con máis de 80 persoas implicadas activamente. Xurdiu ante a necesidade de formación e sensibilización neste tema e como un espazo seguro onde o alumnado, ademais de ser protagonista das actividades, fose tamén coorganizador delas. Debido a que o profesorado pertencía a diferentes departamentos (Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia, Lingua Castelá e Literatura, Educación Plástica e Visual), deseguida a igualdade de xénero entrou nas aulas de forma transversal. A perspectiva de xénero comezou a ser un requisito imprescindible na selección de libros de lectura recomendados nas materias de Lingua Galega e Lingua Castelá e a inclusión de referentes femininos nos currículos dalgunha materia comezou a poñerse en práctica.

Deseñouse un logo identificativo e estampouse en camisetas lilas que eran empregadas nos distintos eventos. Cada persoa que entraba a formar parte do Comité Lila asumía un decálogo de obxectivos e asinaba un compromiso de respecto e participación. Debía asistir durante os recreos a sesións de formación e finalmente recibía un diploma que o acreditaba como "Axente de Igualdade".

Ao longo destes cinco cursos, leváronse a cabo accións distintas con moita repercusión na contorna. Versionouse un reguetón feminista a partir dunha coñecida canción de Becky G (*Mellores, non maiores*) e compúxose unha canción de rock (*En rede*) cuxo retrouso serviu de base para elaborar un lema (SEN TI NON HAI REACCIÓN. MOVE A REDE, PARA O SILENCIO!) que se imprimiu en grandes adhesivos e se colocou en lugares moi frecuentados por toda a comunidade escolar (cafetería, patio de columnas...). Creouse unha canle de YouTube, a onde se subiron os videoclipos destas cancións e outros vídeos que se foron editando. Cómpre destacar tamén a curtametraxe *Pensa. Fálao. Vive!*, protagonizada por alumnado e profesorado, elaborada para conmemorar o 25 de Novembro e cuxa presentación no Teatro de Ribadeo se converteu nun acto emotivo e didáctico que congregou a familias e veciñanza da vila.

Con anterioridade á pandemia, o Comité Lila dispoñía dun espazo propio para reunións; con todo, debido á escaseza de locais no centro, houbo que destinalo a outros fins. Ademais ten presenza nas RR SS, en concreto en Instagram (@comitelila) e dispón dun Espazo Lila, un lugar que conta cun taboleiro e unha exposición permanente de mulleres referentes e pioneiras en diferentes campos. Forma parte tamén, representada pola persoa coordinadora, da Mesa Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, dependente do

Concello de Ribadeo, e na que tamén están presentes os outros centros de ensino da localidade, o centro de saúde e as FCS.

O Comité Lila converteuse nun referente na Mariña e tamén para outros centros de ensino. En 2018, participou cun relatorio no I Congreso de Igualdade do Consello da Muller Moza, celebrado en Pontevedra, e nas XV Xornadas da Muller organizadas pola AS-PG en Santiago de Compostela; en 2019, no I Encontro de Equipos de Igualdade celebrado no IES Xulián Magariños de Negreira, e na actividade de formación do profesorado Prevención da Violencia de Xénero desde a Escola, celebrada na EGAP en Santiago de Compostela. En todas estas actividades, o alumnado participou activamente e expuxo publicamente o seu traballo.

Todas estas actividades artellan o proxecto co que o centro vén participando nas diferentes convocatorias dos Contratos Programa na modalidade de igualdade.

No tocante a materias específicas, desde o curso 2017-18, todo o alumnado de 1º de ESO cursa Igualdade de Xénero e desde o curso 2018-19, impártese a materia optativa de Coeducación para o Século XXI en 1º de Bacharelato. Ese mesmo ano, elaborouse unha análise dos espazos e dinámicas do centro desde unha perspectiva de xénero e realizouse o proxecto *Cambiar para incluír* cuxas propostas foron presentadas ao claustro e ao alumnado dos diferentes cursos.

Na actualidade, o centro conta cunha persoa que coordina todas as actividades relacionadas coa igualdade de xénero e que ten representación dentro do Consello Escolar.

Este Plan de Igualdade, polo tanto, non é un punto de partida, senón un motivo máis para afondar, estruturar e mellorar un traballo xa iniciado desde hai anos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

2.1. Contextualización normativa en materia de igualdade na educación.

- **En relación ao Marco Europeo:**

Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes. Destácase o papel decisivo que desempeña a educación na loita contra os estereotipos e a discriminación baseada no xénero.

- **No ámbito estatal:**

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2º recolle que o sistema educativo orientarase á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”.

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, contempla no artigo 23º a Educación para a igualdade de mulleres e homes e no artigo 24º a Integración do principio de igualdade na política de educación.

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 3º, apdo. b), recolle entre os Fins e principios informadores das normas sobre convivencia nos centros docentes, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Establece que na escola deberán desenvolverse os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero. Recolle no artigo 40, como un dos seus obxectivos, o fomento da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como das persoas con discapacidade, para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio delas. Establécese, ademais, na lei que unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

- **No ámbito autonómico:**

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Lei 2/2014, de 14 de abril, para a igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da CCAA de Galicia en materia de igualdade. No seu Capítulo IV, os artigos 17, 18 e 19, recolle o referente á educación e á formación para a igualdade de homes e mulleres (obxectivos coeducativos). O artigo 22 establece que se incorporará a realidade LGTBI nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia e visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. Inclúe entre os seus elementos transversais evitar “os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro). Contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, que deberá rexer a composición da comisión de convivencia, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos. Entre os obxectivos xerais do plan de convivencia sinálase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia. Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as actuacións formativas, nos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas medidas complementarias para a mellora da convivencia e nas medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

Decreto 70/2017 do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (en base aos artigos 14º da Constitución, artigo 42º do Estatuto de Autonomía, artigo 51º da Lei orgánica 3/2007, entre outros). Recolle que se considera necesario que todo o persoal posúa a formación en materia de igualdade e erradicación do sexismo na linguaxe institucional, polo que se promoverán cursos de formación de maneira continua e permanente destinados a todo o persoal o servizo da Administración na nosa

comunidade. Regula a formación en igualdade e os distintos niveis de coñecemento (básico, medio e superior) para ofertar a todo o persoal da Administración en modalidade presencial, online ou mixta. Establece, ademais, que a partires da entrada en vigor deste Decreto toda persoa que acceda a condición de persoal funcionario de carreira ou laboral terá que realizar, no prazo de seis meses, actividades formativas para a obtención do nivel básico.

Instrución do 6 de setembro de 2019, recolle as instrucións para a elaboración do plan de igualdade nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

“Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero” publicado pola Consellería de Educación en abril de 2016. Pretende facilitar unha resposta unánime que garanta o dereito á identidade de xénero.

2.2. Contextualización da elaboración do Plan de Igualdade no centro.

Con anterioridade á Instrución do 6 de setembro de 2019, no IES de Ribadeo Dionisio Gamallo recóllense as seguintes referencias á igualdade na documentación do centro.

– **Plan de Convivencia.**

Dentro dos obxectivos relativos á regulación da convivencia no centro, preténdese que o alumnado *“practique condutas solidarias e de respecto á diversidade racial, social e cultural, e de igualdade entre homes e mulleres”* (páxina 8). Non figuran obxectivos coeducativos concretos.

Con respecto á composición da comisión de convivencia figura que se observará *“o principio de igualdade entre homes e mulleres”* (páxina 14), e dentro da súas funcións inclúese a de *“Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos”* (páxina 15).

O punto 2 das Normas de convivencia xerais fala de *“Respectar a liberdade de conciencia, conviccións relixiosas e morais, igualdade de dereitos de mulleres e homes e dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa”* (páxina 23).

Dentro das medidas correctoras, considéranse como circunstancia que aumenta a gravidade das condutas contrarias á convivencia *“As actitudes que atenten contra a igualdade de sexo”* (páxina 29).

– **Plan de acción tutorial.**

É un documento en proceso de elaboración e, polo tanto, sen aplicación práctica no centro ata a data.

– **Normas de organización, funcionamento e convivencia.**

Non aparece ningunha referencia específica con respecto á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación.

– **Proxecto Educativo de Centro.**

Dentro dos fins e intencións educativas (páxina 9), faise referencia á coeducación definíndoa como unha *“educación en común e igualdade, ao marxe do sexo das persoas, mostrando outras formas de ser e estar no mundo aloxadas de estereotipos sexistas”*.

Dentro da oferta de libre configuración do centro, alúdese ao currículo e aos obxectivos básicos da materia de *Igualdade de Xénero*, en 1º ESO, (páxina 21) e de *Coeducación para o século XXI*, en 1º de Bacharelato (páxina 22).

No apartado das actividades complementarias e extraescolares (páxina 30), *“destacan entre as moitas actividades que se organizan anualmente algunhas que, pola xa longa traxectoria coa que contan, se converteron en fixas:*

- *Colaboración co Concello de Ribadeo en programas de igualdade e prevención de violencia de xénero.*
- *Comité Lila: grupo de alumnado e profesorado que organiza actividades de promoción da igualdade de xénero.”*

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, A VIOLENCIA DE XÉNERO E A LGBTIFOBIA.

A continuación expóñense as principais conclusións dos datos recollidos no centro (ANEXO 1) sobre os últimos tres cursos académicos para poder comentar as situacións de partida (fortalezas e debilidades) e así afrontar os desequilibrios que se dan arredor do xénero, facendo fincapé nas accións positivas que se desenvolven para superalos. Serven tamén para poder comentar as situacións de desequilibrio máis acusadas (fendas de xénero) que o centro ten detectadas. Ademais, inclúese no ANEXO 2 unha táboa de diagnose para detectar debilidades ou fortalezas, así como ameazas ou oportunidades, con cuestións de interese para realizar un estudo rápido do noso centro.

3.1. Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión.

Obsérvase, con carácter xeral, un maior número de mulleres no claustro (66%), no equipo directivo (100%), no Consello Escolar (57%), na Comisión de Convivencia (100%), no Departamento de Orientación (100%), no Equipo de Biblioteca (75%) e na ANPA (70%). No Equipo de Dinamización Lingüística a representación é paritaria considerando conxuntamente profesorado, persoal non docente e alumnado.

Cómpre salientar que no tocante á representación do alumnado é maioritaria a masculina na elección de delegados/as (57%), mentres que na de subdelegadas/os son elixidas máis mulleres (57%).

Por Departamentos Didácticos, observamos 12 con maioría de mulleres, 4 con maioría de homes e 3 nos que se mantén paridade.

3.2. Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos.

A escolarización na ESO no curso 2020/2021 sitúase nun 45% de alumnas e un 55% de alumnos, habendo máis alumnos en 1º e 2º ESO e máis alumnas en 3º e 4º. Na ESA invértese a tendencia e están matriculadas máis alumnas (55%) que alumnos (45%).

Tanto en 1º coma en 2º de Bacharelato a presenza feminina é maioritaria (55%). En 1º BACEPA hai máis alumnos (57%) mentres que en 2º BACEPA a tendencia invértese e é salientable o 73% de alumnas matriculadas.

No itinerario científico-tecnolóxico obsérvase unha paridade absoluta, mentres que no de Humanidades e Ciencias Sociais a matriculación é maioritariamente feminina (62%).

3.3. Nivel de titulación e resultados académicos obtidos.

No curso 2018/2019 titularon máis alumnas que alumnos en todos os niveis educativos (52% na ESO, 64% no Bacharelato, 80% na ESA e 100% en BACEPA).

En canto á media dos resultados académicos:

- Na ESO cómpre destacar que as cualificacións máis baixas (NP-4) son maioritariamente de alumnos en 1º (83%), 2º (52%) e 3º (55%) ESO, mentres que a tendencia se inverte en 4º ESO (57% de alumnas). As cualificacións máis altas (9-10) son maioritariamente das alumnas en todos os cursos (70% en 1º, 55% en 2º e 68% en 3º e 4º).
- No Bacharelato, tanto en 1º como en 2º, obsérvase paridade nas cualificacións máis baixas (NP-4), mais destacan as alumnas nas máis altas (61% en 1º e 68% en 2º).
- Por itinerario educativo, os valores tenden á paridade con carácter xeral, aínda que cómpre destacar que no científico-tecnolóxico en 2º de Bacharelato as cualificacións máis baixas (NP-4) pertencen na súa totalidade (100%) a alumnas, mentres que no de Humanidades e Ciencias Sociais o 85% das alumnas obteñen as cualificacións máis altas (9-10).

3.4. Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.

Obsérvanse máis casos de alumnos (66%) con necesidades específicas de apoio educativo que alumnas (34%).

Continúa esta mesma tendencia no nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión no grupo de referencia ao observarse o 75% dos casos en alumnos e o 25% en alumnas.

3.5. Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.

Non se activaron protocolos de absentismo escolar durante o curso 2020/2021.

No tocante á taxa de idoneidade (porcentaxe de alumnado que se atopa matriculado no curso correspondente á súa idade), tanto as porcentaxes sobre o mesmo xénero como sobre o total, os valores dos alumnos sempre son superiores aos das alumnas.

Para analizar as repeticións, botamos man dos datos do curso 2018/2019 ao ser a repetición unha excepción no curso pasado debido á crise sanitaria provocada pola COVID-19. Os datos permiten establecer que:

- Repetiron máis alumnos en 1º ESO e 1º de Bacharelato.
- Repetiron máis alumnas en 2º e 3º ESO.
- Mantívose paridade en 4º ESO e 2º de Bacharelato.

Con carácter xeral, as cifras con respecto ás faltas de asistencia no curso 2020/2021 tenden á paridade se temos en conta o alumnado matriculado nos distintos cursos segregado por sexo. A pesar disto, cómpre destacar que:

- O 70% das faltas de puntualidade en 2º ESO son de alumnas, mentres que o 85% en 3º ESO son de alumnos.
- O 73% das faltas non xustificadas en 2º ESO son de alumnos.
- O cómputo global de faltas é maioritariamente feminino nos dous cursos do bacharelato.

3.6. Rexistro de condutas contrarias á convivencia.

No tocante á conflitividade escolar, o rexistro de condutas contrarias á convivencia recae maioritariamente sobre os alumnos, tendo o 95% dos partes de incidencias e o 100% das expulsións temporais do centro.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN.

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- Habilitar o alumnado e profesorado para identificar e analizar criticamente o sexismo presente na nosa sociedade, así como o androcentrismo dominante nos diferentes saberes.
- Dotar o alumnado de referentes femininos que fixeron achegas interesantes e/ou imprescindibles en diversos ámbitos, contextualizando cada unha delas dentro da súa época e valorando o seu esforzo persoal fronte aos prexuízos do seu tempo.
- Transmitir coñecementos e sensibilizar o alumnado na loita polos dereitos políticos e sociais das mulleres. Dar a coñecer as particularidades da realidade social e política do estado español, así como os trazos propios da situación histórica de Galicia.
- Favorecer o coñecemento da construción social das identidades sexuais e a asignación de roles, co obxectivo de traballar na eliminación de estereotipos sexistas e falsas crenzas.
- Mellorar as competencias, habilidades e destrezas expositivas de todo o alumnado, con especial atención á capacidade das alumnas para falar en público.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Dotar o alumnado e o profesorado das ferramentas necesarias para recoñecer e coñecer as diversas formas de violencia contra as mulleres.
- Fomentar un autoconceito positivo e unha boa autoestima das rapazas e dos rapaces como medio para previr e evitar a violencia de xénero e como requisito imprescindible para crecer en liberdade.
- Promover un uso responsable das TIC, baseado no respecto e no dereito á privacidade. Formar sobre as consecuencias negativas que o seu emprego incorrecto ten sobre as relacións persoais: *grooming*, *ciberacoso*, *ciberbullying*, *stalking*, *FOMO*, *sextorsión*, *ghosting*...
- Potenciar por parte do profesorado a detección de alumnas en risco de sufrir violencia de xénero.
- Dotar o profesorado e o alumnado de ferramentas para comunicar un caso de violencia de xénero e fomentar un acompañamento seguro e respectuoso das vítimas.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.
- Sensibilizar na visibilización da diversidade de orientacións, identidades e expresións de xénero.
- Dar a coñecer figuras históricas LGBTI relevantes.
- Visibilizar a discriminación legal e social que sofren no mundo as persoas LGBTI.
- Dar a coñecer a historia da construción cultural da homofobia, así como a historia da loita do colectivo LGBTI polo recoñecemento dos seus dereitos.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- Detectar e previr actitudes, crenzas e comportamentos homófobos entre o alumnado.
- Promover o apoderamento do alumnado trans* ou de orientacións sexuais diversas.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN POR ÁMBITOS.

Tendo en conta a análise diagnóstica sobre a situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia exposta no punto tres deste Plan de Igualdade, acordouse realizar as seguintes medidas de actuación co fin de impulsar os obxectivos coeducativos. Detallámolas segundo o ámbito de actuación.

5.1. Organización do centro.

- a) Nomear unha persoa, con formación en xénero, como coordinadora das actuacións enmarcadas neste Plan de Igualdade. Esta mesma persoa terá representación no Consello Escolar e disporá dunha hora no seu horario lectivo -como acontece noutros programas nos que participa o centro-.
- b) Constituír unha comisión de igualdade para implementar, revisar e avaliar as medidas enmarcadas no Plan de Igualdade.
- c) Solicitar a través do Plan Proxecta os programas *Donas de si*, *Por 365 días de respecto e igualdade* e *Quérote +*.
- d) Difundir o Plan de Igualdade do centro entre os distintos axentes da comunidade educativa, con especial atención entre as familias. Con este obxectivo, despois de ser aprobado no Claustro e no Consello Escolar, organizarase un encontro coa directiva da ANPA para dálo a coñecer e para organizar a súa divulgación.

- e) Realizar actividades formativas de profesorado, alumnado e familias en materia de igualdade, especificamente deseñadas para cada colectivo.
- f) Empregar a linguaxe inclusiva en toda a documentación e sinalética do centro e na actividade diaria do centro.
- g) Continuar colaborando con outras entidades e centros da contorna na realización de actividades coeducativas, de sensibilización e prevención, nomeadamente co CIM de Ribadeo, co CIFP Porta da Auga, co CEIP Gregorio Sanz e co Colexio concertado Sagrado Corazón de Xesús.
- h) Solicitar desde a CCP aos departamentos unha análise con perspectiva de xénero da programación e o material didáctico empregado.
- i) Intentar favorecer a representación de homes e mulleres nos diferentes órganos de decisión: Consello Escolar, delegadas e delegados, Comisión de Convivencia, etc.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- a) Celebrar con actividades, principalmente destinadas ao alumnado, as seguintes datas:
 - 25 de novembro.
 - 11 de febreiro: Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.
 - 8 de marzo: Día Internacional das Mulleres.
 - 31 de marzo: Día Internacional da Visibilidade Trans*.
 - 23 de abril: Día Internacional do Libro.
 - 17 de maio: Día Internacional contra a Diversofobia.
 - 24 de febreiro: Día de Rosalía.
 - Semana da Feira da Ciencia e da Cultura.
- b) Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, cuestionar a atribución dos saberes asociados tradicionalmente ás mulleres e as desigualdades de xénero.
- c) Elaborar e difundir entre o profesorado material para facilitar a revisión das programacións con perspectiva de xénero.
- d) Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe e da proposta de actividades).
- e) Realizar obradoiros de educación afectivo-sexual en todos os niveis educativos.

- f) Continuar realizando obradoiros de masculinidades disidentes e apoderamento feminino.
- g) Continuar co proxecto Cine en igualdade dentro do cal se visionará unha película por trimestre centradas nos seguintes aspectos: roles e estereotipos de xénero, dereitos civís das mulleres, visibilización do traballo das mulleres en diferentes campos...
- h) Elaborar cuestionarios para detectar posibles casos de violencia de xénero...
- i) Incluír no Plan de Acción Titorial do centro actividades para desenvolver nas horas de titoría encamiñadas a promover unha orientación vital, laboral e profesional libre de estereotipos.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- a) Continuar ampliando os fondos coeducativos da biblioteca e promover a súa lectura.
- b) Proseguir co Encontros con escritoras para achegar o alumnado ás autoras dos libros de lectura recomendados nos diferentes niveis educativos.
- c) Crear nas aulas unha pequena biblioteca con libros inclusivos de tódolos ámbitos para poder traballar directamente con eles nas sesións das materias que o requiran.
- d) Continuar dinamizando o Espazo lila como lugar de divulgación de noticias, eventos e información relacionados coa coeducación.
- e) Promover o coñecemento das mulleres presentes na exposición permanente do centro O Paseo das Mulleres.
- f) Empregar a Radio IES Ribadeo como ferramenta inclusiva e coeducativa.
- g) Continuar co desenvolvemento dos Recreos activos desde unha perspectiva de xénero, favorecendo a diversidade de deportes, eliminando a segregación por sexo e promovendo a participación do menos representado naquelas actividades que o requiran.
- h) Crear un banco de recursos audiovisual (con curtametraxes, longametraxes e documentais) de temática variada e con perspectiva de xénero para empregar nas horas de garda e en titorías.
- i) Crear un banco de lecturas en formato breve (notas de prensas, artigo, relato breve...) de temática variada e con perspectiva de xénero para empregar nas horas de garda e en titorías.
- j) Realizar proxeccións de películas coeducativas para a comunidade escolar, especialmente para as familias, en horario extraescolar para favorecer a asistencia

destas. Elaborarase unha unidade didáctica do filme que inclúa a súa ficha técnica e suxestións de posibles temas de debate para un coloquio que se desenvolverá ao rematar o visionado. Será dirixido por alumnado e/ou profesorado. As temáticas estarán relacionadas coa convivencia familiar, cos cambios na etapa da adolescencia, cos diferentes modelos familiares, co autoconhecimento e coidados, co acoso escolar, cos trastornos alimentarios,...

- k) Formar un grupo de teatro en horario extraescolar no que se fomenta a participación tanto de alumnas como de alumnos de todos os niveis educativos, así como do profesorado das distintas áreas, e no que se opte pola representación de obras coa igualdade e a perspectiva de xénero como eixos vertebradores nos seus textos.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- a) Continuar co Comité Lila, integrado por alumnado activo e profesorado. Este colectivo actuará como espazo seguro ante as violencias machistas, como espazo de autocoidado e como radar para detectar posibles casos de violencias. As persoas que desexen entrar a formar parte del recibirán formación en igualdade e un diploma acreditativo de axentes de igualdade.
- b) Empregar a canle de YouTube do Comité Lila para difundir actividades e vídeos relacionados coa coeducación.
- c) Manter aberta a conta de Instagram @comitelila como ferramenta de sensibilización e formación en contidos coeducativos.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Para a elaboración deste Plan de Igualdade partiuse dunha avaliación diagnóstica tendo en conta datos e documentación do centro (partes de conduta, composición da xunta de delegadas e delegados, composición do Consello Escolar, resultados académicos segregados por sexo e por curso, alumnado con NEE, xefaturas de departamento...). En función deste estudo previo, establecéronse uns obxectivos e deseñáronse unhas actividades. Trátase dun documento aberto, flexible e sometido a un proceso continuo de avaliación.

Con respecto ao grao de cumprimento dos obxectivos recollidos no Plan de Igualdade para o curso, priorizaranse os seguintes indicadores de logro en relación ao seu cumprimento (TÁBOA no ANEXO 3):

- a. Número de actuacións desenvolvidas e non desenvolvidas.
- b. Impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.
- c. Dificultades observadas no desenvolvemento das accións e propostas de resolución.
- d. Necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.

- e. Participación por parte do profesorado nas diversas actuacións recollidas nos obxectivos do Plan Anual.
- f. Consolidación dun grupo de traballo interdepartamental, plurianual e capaz de sumar profesorado cada curso, que promova a perspectiva de xénero nas programacións das diversas materias e na práctica educativa.
- g. Número de alumnado afectado por cada actividade.
- h. Número de familias participantes nas actividades dirixidas a este sector da comunidade educativa.
- i. Grao de satisfacción das familias na participación nas distintas actividades do plan.
- j. Grao de satisfacción do alumnado na participación nas distintas actividades do plan.
- k. Nivel de voluntariedade no grupo do Comité Lila.
- l. Programas e actividades coeducativas en que participa o centro e propostos por outras entidades.
- m. Lecturas recomendadas con perspectiva de xénero e/ou de autoría feminina.
- n. Proxección de material audiovisual.
- o. Revisión de programacións e material didáctico.
- p. Representación por sexo nos distintos órganos de decisión e organización.
- q. Horas de titoría marcadas no Plan de Acción Titorial para o tratamento da igualdade de xénero.
- r. Adquisición de fondos coeducativos para a biblioteca ou para as aulas.
- s. Material audiovisual ou bibliográfico presente no banco de recursos para horas de garda e titorías.
- t. Podcast coeducativos na Radio IES Ribadeo.
- u. Actividade nas RR SS.
- v. Actividades deportivas sen discriminación.

Logo da análise e valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto coeducativo.

Para realizar esta avaliación final empregaremos os seguintes instrumentos de avaliación:

- Enquisas a todos os membros da comunidade educativa.
- Fichas de observación das actividades.
- Realización dunha memoria anual.

Coas conclusións obtidas dos indicadores de logro, a comisión de igualdade elaborará un breve informe DAFO que recolla as propostas de mellora e o cambios que se deberán levar a cabo o curso seguinte para dar cumprimento aos obxectivos marcados.

ANEXO 1. TÁBOAS E GRÁFICOS DE ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, A VIOLENCIA DE XÉNERO E A LGBTIFOBIA.

a) Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión.

Indicador		TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
1.1	Nº de homes e mulleres no Claustro (titulares)	56	37	66	19	34
1.2	Nº de homes e mulleres no equipo directivo	5	5	100	0	0
1.3	Nº de homes e mulleres no Consello Escolar					
	Profesorado	6	4	67	2	33
	Alumnado	2	1	50	1	50
	Pais/Nais	3	2	67	1	33
	Persoal non docente	1	0	0	1	100
	Representación Concello	1	1	100	0	0
1.4	Nº de homes e mulleres segundo o departamento didáctico					
	Artes Plásticas	1	1	100	0	0
	Ciencias Naturais	6	5	83	1	17
	Economía	1	0	0	1	100
	Educación Física	2	1	50	1	50
	Filosofía	2	1	50	1	50
	Física e Química	3	3	100	0	0
	Francés	1	1	100	0	0
	Grego	1	0	0	1	100
	Inglés	5	3	60	2	40
	Latín	1	0	0	1	100
	Lingua Castelá e Literatura	6	6	100	0	0
	Lingua Galega e Literatura	5	3	60	2	40
	Matemáticas	8	4	50	4	50
	Música	1	1	100	0	0
	Orientación	3	3	100	0	0
	Portugués	2	2	100	0	0
	Relixión	1	1	100	0	0
	Tecnoloxía	3	0	0	3	100
	Xeografía e Historia	6	4	67	2	33
1.5	Nº de homes e mulleres nas comisións constituídas no centro					
	Convivencia	4	4	100	0	0
	Orientación	5	5	100	0	0
	Dinamización lingüística					
	Profesorado	3	2	67	1	33
	Persoal non docente	1	0	0	1	100
	Alumnado	6	5	83	1	17
1.6	Nº de homes e mulleres á fronte da biblioteca escolar	4	3	75	1	25
1.7	Nº de homes e mulleres representantes do alumnado					

	Alumnado delegado	23	10	43	13	57
	Alumnado subdelegado	23	13	57	10	43
1.8	Número de homes e mulleres representando as familias(ANPA)	23 (19 familias)	16	70	7	30

b) Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos.

– Número de homes e mulleres matriculados en cada **nivel educativo**.

ESO:

Nivel	TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
Primeiro	72	32	44	40	56
Segundo	56	18	32	38	68
Terceiro	61	32	52	29	48
Cuarto	77	41	53	36	47

BACHARELATO:

Nivel	TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
Primeiro	67	37	55	30	45
Segundo	58	32	55	26	45

RÉXIME DE ADULTOS:

Nivel	TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
ESA M3-4	11	6	55	5	45
1º BACEPA	7	3	43	4	57
2º BACEPA	11	8	73	3	27

– Número de homes e mulleres matriculados en cada **itinerario educativo**.

Itinerario	TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
Ciencia e Tecnoloxía	62	31	50	31	50
Humanidades e Ciencias Sociais	81	50	62	31	38

c) Nivel de titulación e resultados académicos obtidos.

- Titulacións por nivel no curso 2018/2019.

Nivel	TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
ESO	42	22	52	20	48
BACHARELATO	33	21	64	12	36
RÉX. ADULTOS					
ESA	15	12	80	3	20
BACEPA	1	1	100	0	0

- Media dos resultados académicos por nivel educativo no curso 2018/2019¹.

ESO:

Nivel	Nº de cualificacións	TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
Primeiro	entre NP e 4	202	34	17	168	83
	entre 5 e 8	482	224	46	258	54
	entre 9 e 10	98	69	70	29	30
Segundo	entre NP e 4	303	146	48	157	52
	entre 5 e 8	682	319	47	363	53
	entre 9 e 10	156	86	55	70	45
Terceiro	entre NP e 4	408	182	45	226	55
	entre 5 e 8	619	304	49	315	51
	entre 9 e 10	111	75	68	36	32
Cuarto	entre NP e 4	115	65	57	50	43
	entre 5 e 8	396	205	52	191	48
	entre 9 e 10	104	71	68	33	32

BACHARELATO:

Nivel	Nº de cualificacións	TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
Primeiro	entre NP e 4	148	76	51	72	49
	entre 5 e 8	453	193	43	260	57
	entre 9 e 10	216	131	61	85	39
Segundo	entre NP e 4	83	42	51	41	49
	entre 5 e 8	265	159	60	106	40
	entre 9 e 10	130	88	68	42	32

¹ Téñense en conta as dúas convocatorias (ordinaria e extraordinaria).

RÉXIME DE ADULTOS:

Nivel	Nº de cualificacións	TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
ESA M-3	entre NP e 4	41	10	71	4	29
	entre 5 e 8	18	15	83	3	17
	entre 9 e 10	4	4	100	0	0
ESA M-4	entre NP e 4	14	10	71	4	29
	entre 5 e 8	42	27	64	15	36
	entre 9 e 10	3	3	100	0	0
1º BACEPA	entre NP e 4	126	42	33	84	67
	entre 5 e 8	26	9	35	17	65
	entre 9 e 10	5	0	0	5	100
2º BACEPA	entre NP e 4	89	49	55	40	45
	entre 5 e 8	41	29	71	12	21
	entre 9 e 10	2	2	100	0	0

- Media dos resultados académicos obtidos en cada itinerario no curso 2018/2019².

BACHARELATO:

Itinerario	Nivel	Nº de cualificacións	TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
Ciencia e Tecnoloxía	Primeiro	entre NP e 4	52	29	56	23	44
		entre 5 e 8	253	103	41	150	59
		entre 9 e 10	106	56	53	50	47
	Segundo	entre NP e 4	4	4	100	32	0
		entre 5 e 8	52	22	42	30	58
		entre 9 e 10	58	26	45	32	55
Humanidades e Ciencias Sociais	Primeiro	entre NP e 4	80	39	49	41	51
		entre 5 e 8	196	106	54	90	46
		entre 9 e 10	106	71	67	35	33
	Segundo	entre NP e 4	61	27	44	34	56
		entre 5 e 8	203	130	51	73	49
		entre 9 e 10	72	61	85	11	15

² Téñense en conta as dúas convocatorias (ordinaria e extraordinaria).

RÉXIME DE ADULTOS:

Itinerario	Nivel	Nº de cualificacións	TOTAL	Nº mulleres (0 matrícula)	% mulleres	Nº homes	% homes
Ciencia e Tecnoloxía	Primeiro	entre NP e 4	38			38	100
		entre 5 e 8	5			5	100
		entre 9 e 10	3			3	100
	Segundo	entre NP e 4	49	21	43	28	57
		entre 5 e 8	17	8	47	9	53
		entre 9 e 10	0				
Humanidades e Ciencias Sociais	Primeiro	entre NP e 4	88	42	48	46	52
		entre 5 e 8	21	9	43	12	57
		entre 9 e 10	2	0	0	2	100
	Segundo	entre NP e 4	23	21	91	2	9
		entre 5 e 8	13	11	85	2	15
	entre 9 e 10	2	2	100	0	0	

d) Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.

- Número de alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo.

TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
41	14	34	27	66

- Número de alumnos e alumnas que presentan un baixo grao de inclusión no seu grupo de referencia.

TOTAL	Nº mulleres	% mulleres	Nº homes	% homes
8	2	25	6	75

- Número de alumnos e alumnas vítimas de violencia de xénero: NINGÚN
- Número de alumnos e alumnas vítimas de abuso sexual na infancia: NINGÚN.
- Número de protocolos activados en casos de transexualidade: NINGÚN.
- Número de protocolos activados en casos de abuso sexual: NINGÚN.

e) Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.

- Número de protocolos de absentismo escolar activados (segregado por sexo): NINGÚN.

- Taxa de idoneidade (segregado por sexo).

	PORCENTAXE SOBRE O MESMO XÉNERO		PORCENTAXE SOBRE O TOTAL	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
1º ESO	41,47	25	22,58	11,29
2º ESO	40	25,64	18,91	16,12
3º ESO	39,39	28,57	19,11	16,12
4º ESO	30	18,51	12,76	8,06
1º BACH	11,76	6,06	5,97	3,22
2º BACH	15,78	15,38	6,66	6,45

- Número de alumnos e alumnas que repiten curso no 2018-2019³.

ESO:

NIVEL	TOTAL	Nº mulleres	%	Nº homes	%
Primeiro	14	6	43	8	57
Segundo	3	2	67	1	33
Terceiro	6	5	83	1	17
Cuarto	4	2	50	2	50

BACHARELATO:

NIVEL	TOTAL	Nº mulleres	%	Nº homes	%
Primeiro	4	1	25	3	75
Segundo	4	2	50	2	50

³ Debido á crise sanitaria provocada pola covid-19, no presente curso a repetición é unha excepción; por esta razón collemos os datos do curso 2018-2019.

- Número de faltas de asistencia non xustificadas, xustificadas e de puntualidade (segregado por sexo). Curso 2020-2021⁴.

ESO:

NIVEL	TOTAL alumnado		TOTAL FALTAS		Mulleres	%	Homes	%
	Mulleres	Homes						
Primeiro	32	40	Non xustificadas	392	202	52	190	48
			Xustificadas	1911	1009	53	902	47
			Puntualidade	50	28	56	22	44
					1239		1114	
Segundo	18	38	Non xustificadas	486	132	27	357	73
			Xustificadas	1183	508	43	675	57
			Puntualidade	205	144	70	61	30
					784		1093	
Terceiro	32	29	Non xustificadas	1021	532	52	489	48
			Xustificadas	1541	748	49	793	51
			Puntualidade	190	29	15	161	85
					1309		1443	
Cuarto	41	36	Non xustificadas	1262	716	57	546	43
			Xustificadas	1853	1165	63	687	37
			Puntualidade	179	73	41	106	59
					1954		1357	

BACHARELATO:

NIVEL	TOTAL alumnado		TOTAL FALTAS		Mulleres	%	Homes	%
	Mulleres	Homes						
Primeiro	37	30	Non xustificadas	1869	1121	60	748	40
			Xustificadas	757	484	64	273	36
			Puntualidade	82	57	70	25	30
					1662		1046	
Segundo	32	26	Non xustificadas	2832	1730	61	1102	39
			Xustificadas	1093	674	62	419	38
			Puntualidade	127	37	29	90	71
					2441		1611	

⁴ Unha porcentaxe mínima de faltas xustificadas corresponde a alumnado confinado. Non contabilizamos as faltas do alumnado do réxime de adultos porque presenta particularidades diversas, fundamentalmente compatibiliza clases con xornada laboral.

f) Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar). Datos relativos aos dous primeiros trimestres do curso 2020/2021.

– Número de condutas contrarias á convivencia (segregadas por sexo).


Partes de incidencias	TOTAL	Nº partes a mulleres	%	Nº partes a homes	%
	55	3	5	52	95

– Número de condutas gravemente prexudiciais (segregado por sexo). Datos relativos á expulsión temporal do centro.


Expulsións temporais	TOTAL	Nº partes a mulleres	%	Nº partes a homes	%
	6	0	0	6	100

GRÁFICAS:


a) Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión.




Profesorado por Departamento Didáctico




Comisións constituídas no centro




Biblioteca escolar





Representación do alumnado




Representación familias (ANPA)






b) Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos.




c) Nivel de titulación e resultados académicos obtidos.



– Media dos resultados académicos por nível educativo no curso 2018-2019.




- Media dos resultados académicos obtidos en cada itinerario no curso 2018/2019.




Réxime de adultos

(convocatoria ordinaria e extraordinaria)




■ Mulleres ■ Homes




- d) Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.



e) Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.



f) Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar).



ANEXO 2. TÁBOA DE DIAGNOSE.

CUESTIÓN DE INTERESE PARA REALIZAR UNHA DIAGNOSE RÁPIDA DO NOSO CENTRO			
D	F	Debilidades ou fortalezas?	
		Cúmprese a lexislación en materia coeducativa?	ORGANIZACIÓN
		Dispónse de recursos económicos para actividades coeducativas?	
		Existen espazos e tempos para para coordinar accións?	
		Está nomeada a persoa responsable de igualdade no Consello Escolar?	
		Existen equipos de traballo coeducativo?	
		Globalmente, detéctase interese ou rexeitamento cara ao traballo coeducativo?	
		Existe profesorado motivado para traballar en igualdade?	
		Existe profesorado motivado para emprender proxectos de cambio?	
		Existen resistencias no Claustro ao traballo coeducativo?	
		Emprégase a linguaxe inclusiva no labor documental do centro?	
		Prodúcense e abórdanse as agresións machistas sobre o profesorado?	
		O persoal docente ten formación en coeducación?	EXPERIENCIA
		O persoal docente ten formación sobre os protocolos?	
		Existen experiencias previas coeducativas no centro?	
		Aplicouse algunha vez o protocolo de violencia de xénero ou de identidade de xénero?	
		Realízase o acompañamento das vítimas de violencias machistas?	
		Trabállanse metodoloxías cooperativas co alumnado?	
		Celébranse as conmemoracións coeducativas obrigatorias (25N, 8M, LGBTI) e optativas?	
		Aplicase a perspectiva de xénero na aprendizaxe do currículo?	CURRÍCULO
		Visibilízanse os saberes tradicionalmente femininos? E os logros das mulleres?	
		Ofrécese unha orientación con perspectiva de xénero?	
		Ofrécese educación afectivo-sexual a través do plan de acción tutorial?	

		Existe un clima favorable entre o alumnado ao traballo coeducativo?	ALUMNADO
		O alumnado LGBTI visibilízase de xeito normalizado no centro?	
		Detéctase fenda de xénero na escolla de itinerarios formativos?	
		Detéctase fenda de xénero nos índices de fracaso escolar?	
		Detéctanse as necesidades educativas do alumnado máis alá das evidencias disruptivas?	
		Prodúcense condutas machistas (violencia de xénero, acoso diversifóbico)?	
		Detéctanse e abórdanse as agresións sexuais sobre o alumnado?	
		Detéctanse condutas tóxicas (trastornos alimentarios, condutas temerarias, autolesivas...)?	
		Detéctase consumo de pornografía como recurso sexual? E de prostitución?	
		Faise un uso segregado do patio e dos espazos e tempos de lecer?	RECURSOS
		Xestiónanse as actividades que se ofrecen para dar resposta a todos os intereses?	
		O centro dispón de lectura coeducativa e emprégase no labor docente?	
		O centro dispón de xogos e xoguetes de toda clase e úsanse sen nesgo de xénero?	
		Todo o alumnado goza e aproveita os recursos dispoñibles polo centro?	
D	F	Ameazas ou oportunidades?	
		As familias son receptivas ao traballo en materia de igualdade?	FAMILIAS
		Existe un contexto socioeconómico deprimido ou tradicional?	
		As familias son culturalmente menos igualitarias no seu seo?	
		Percíbese unha preocupación social pola convivencia en igualdade?	
		Implícanse as familias na vida do centro? Teñen capacidade para facelo?	
		Manifestan tolerancia 0 ante os episodios de violencia machista?	
		Temos o apoio das Administracións ao traballo coeducativo?	CONTEXTO
		Existen ameazas sexistas dentro da comunidade educativa?	
		Percíbese unha demanda/resistencia social ante maiores cotas de igualdade?	
		Existen estruturas municipais (CIM, mesa de violencia, servizos de saúde...) que colaboren coas accións coeducativas do centro?	
		Existe oferta cultural e deportiva non segregada por sexo?	RECURSOS
		Existe oferta cultural e deportiva diversificada, plural?	
		Existen oportunidades de inserción laboral sen estereotipos de xénero?	
		Existen empresas abertas á inserción laboral das mulleres e acolledoras da diversidade?	

ANEXO 3. TÁBOA: GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS MARCADOS NO PLAN.

INDICADORES DE LOGRO	1	2	3	4	5
a. Número de actuacións desenvolvidas e non desenvolvidas.					
b. Impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.					
c. Dificultades observadas no desenvolvemento das accións e propostas de resolución.					
d. Necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.					
e. Participación por parte do profesorado nas diversas actuacións recollidas nos obxectivos do Plan Anual.					
f. Consolidación dun grupo de traballo interdepartamental, plurianual e capaz de sumar profesorado cada curso, que promova a perspectiva de xénero nas programacións das diversas materias e na práctica educativa.					
g. Número de alumnado afectado por cada actividade.					
h. Número de familias participantes nas actividades dirixidas a este sector da comunidade educativa.					
i. Grao de satisfacción das familias na participación nas distintas actividades do plan.					
j. Grao de satisfacción do alumnado na participación nas distintas actividades do plan.					
k. Nivel de voluntariedade no grupo do Comité Lila.					
l. Programas e actividades coeducativas en que participa o centro e propostos por outras entidades.					
m. Lecturas recomendadas con perspectiva de xénero e/ou de autoría feminina.					
n. Proxección de material audiovisual.					
o. Revisión de programacións e material didáctico.					
p. Representación por sexo nos distintos órganos de decisión e organización.					
q. Horas de titoría marcadas no Plan de Acción Titorial para o tratamento da igualdade de xénero.					
r. Adquisición de fondos coeducativos para a biblioteca ou para as aulas.					
s. Material audiovisual ou bibliográfico presente no banco de recursos para horas de garda e titorías.					
t. Podcasts coeducativos na Radio IES Ribadeo.					
u. Actividade nas RR SS.					
v. Actividades deportivas sen discriminación.					

